

JAVIER BAS NON TEN CRITERIO NA CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O CONCELLO DE REDONDELA, NIN CUMPRE A SÚA PALABRA NA PRAZA DE INSPECTOR DE POLICÍA



En AER necesitamos axuda para entender os posibles criterios que usa o PP de Redondela para seleccionar o persoal do Concello. **Existen traballadores de primeira e de segunda?**

Cando hai persoal funcionario que cumpre os requisitos para ocupar un posto, dáselle a opción de “PROMOCIÓN INTERNA”; cando non, “OPOSICIÓN LIBRE”. Isto é o que viña facendo o goberno local ata agora; dándose só dúas excepcións nestas ultimas convocatorias: as prazas para mestres do Conservatorio e a praza de inspector de policía. As bases para estas dúas convocatorias tratáronse nunha comisión informativa o 13 de abril de 2016.

O informe de secretaría con respecto ás ultimas bases para procesos selectivos no Concello de Redondela di:

*apartado f) "En canto a que os procesos se celebren mediante o sistema de concurso-oposición, cómpre sinalar que a totalidade dos procesos selectivos celebrados no Concello de Redondela nos últimos anos e por decisión da Xunta de Goberno Local a proposta da comisión informativa de procedementos selectivos, realizáronse mediante o proceso de oposición libre, incluso tratándose de prazas que levaban bastante tempo ocupadas por persoal de carácter temporal. **Polo tanto, unha modificación deste criterio para proceder a cobertura de prazas polo sistema concurso-oposición, suposto contemplado legalmente, debería en todo caso xustificarse, ao abeiro do previsto no artigo 57 1 c) da LRXAP.[...]**"*

Sorprendentemente na última fornada de bases para procesos selectivos, atopámonos cunha excepción: os postos a cubrir do profesorado do Conservatorio e da Escola de Música. Estes postos son os únicos que se van cubrir por concurso-oposición, e para máis “INRI”, á fase de concurso danlle o máximo legal de proporción da nota: o 40%.

Segundo verbas do propio alcalde: “*en recoñecemento ao labor do profesorado do Conservatorio*”. Entendemos entón que os outros traballadores e traballadoras que están a cubrir postos de forma interina non merecen tal recoñecemento, segundo o alcalde.

Na comisión informativa, o PSOE e a concelleira non adscrita apoiaron a proposta do PP; do BNG, aínda que non asistiu, coñecemos a súa postura, xa que sempre defenderon o concurso oposición para todas as convocatorias. A diferenza neste caso entre PSOE-BNG e PP é que tanto PSOE como BNG apostan porque se saquen todas as prazas por concurso-oposición. O PP só aposta por este método de selección no caso do Conservatorio e da Escola de Música. Tamén os sindicatos apostan por esta formula para todas as convocatorias, postura que entendemos xa que defenden aos seus compañeir@s. Dende AER aceptamos o que decida a maioría, aínda que discrepemos.

Queremos deixar claro que a Agrupación de Electores de Redondela aposta pola oposición libre, por parecernos o máis xusto.

Aclarar que para cubrir a praza de inspector de policía poden establecerse os seguintes procedementos:

1) "Promoción interna": pode accederse dende a praza inmediatamente inferior, dentro do mesmo Concello.

2) "Movilidade horizontal": hai que acceder dende a mesma categoría de praza, praza que non temos no noso Concello. Que significa isto? Pois que poden presentarse inspectores de policía de toda Galiza, cortando así a carreira profesional dos policías locais deste Concello, que non van poder presentarse nin ascender a este posto.

Neste caso da praza de inspector de policía, o alcalde (que ten a potestade) decidiu convocala por mobilidade en vez de por promoción interna, dando prioridade a un cambio de lugar de traballo para alguén que xa ten ese posto noutro concello, en contra da promoción interna e ascenso na súa carreira de quen xa está no corpo da Policía Local de Redondela, que non vai ter así posibilidade de ascender. Javier Bas tomou esta decisión a pesar de que el mesmo afirmara que ía respectar o decidido na comisión. Todos os partidos da oposición apoian a promoción interna, así como a maioría sindical (agás o CSIF que está a favor da promoción interna para todos os postos menos para o de inspector de policía).

Pois vai ser que o señor Alcalde ten criterios diferentes segundo lle gusten ou non as persoas que optan á praza en cuestión.

Dende AER consideramos que a forma escollida para cubrir as prazas debe ser a mesma para todos os postos. Isto é un agravio comparativo, por non dicir outra cousa.

Redondela, a 28 de abril de 2016.